

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CLÚSTER DA PIZARRA DE GALICIA PARA DESENVOLVER ACTUACIÓNS DE SUSTENTABILIDADE NA ZONA DA ANTIGA ACTIVIDADE MINEIRA "OS LAGOS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Clúster da Pizarra de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 1 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular a colaboración entre a CEII e o CLÚSTER para levar a cabo durante o ano 2023 determinadas actuacións de sustentabilidade na zona da antiga actividade mineira "Os Lagos", en concreto:

1. Sinalización de zonas de canteira de lousa e posta de mobiliario na zona de "Os Lagos". Estas consistirán en:

- 8 puntos de sinalización consistentes en lousas de grande dimensión con contorno irregular fincadas no terreo con frecha indicativa e o logotipo.

- Mobiliario consistente en:

- 12 unidades de palets de 0,40 x 0,90 madeira con lousas para formación de protección en zonas de descanso.

- 6 bancos realizados con lousa de 2 de lonxitude e 0,4 x 0,4 metros.

- 12 álamos.

2. Proxecto de instalación dun sistema de fitodepuración para augas en zonas de minería da lousa. Os traballos consistirán nun estudo previo das características da explotación mineira que xera os efluentes a tratar, así como do entorno no que se empraza, e no que se identificarán as necesidades de depuración e as solucións técnicas máis axeitadas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm. 126, do 04.07.2022), configura esta (actual Consellería de Economía, Industria e Innovación -en adiante CEII- conforme ao Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

O CLÚSTER, constituído por corenta empresas que teñen a súa actividade relacionada coa lousa, ten entre os seus fins, o incremento do nivel de competitividade do sector da lousa, promovendo e impulsando a execución de proxectos concretos de carácter innovador e a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, servir de centro de documentación para todos os asociados e realizar os estudos, así como calquera outras competencias, facultades ou funcións que se consideren necesarias ou convenientes para o cumprimento dos seus fins.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €) con cargo a aplicación orzamentaria 05.03.734A-780.0** dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola





que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

